



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 6/2021, DO DIA 29  
DE XULLO DE 2021**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e trece minutos do xoves día 29 de xullo de 2021, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 26 do mesmo mes, réunese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia do Alcalde-Pedáneo, D. Marcos Castro González, asistindo os seguintes vocais:

D <sup>a</sup> . Patricia Otero Carrera	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D <sup>a</sup> . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O acto celébrase coas restricións establecidas polas autoridades sanitarias debido ao COVID-19, retransmitido en directo a través de vídeo na páxina web [www.bembrive.org](http://www.bembrive.org) para garantir o principio de publicidade.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

**ORDE DO DÍA**

**I. PARTE RESOLUTIVA:**

**1. Actas anteriores:**

- Núm. 3/2021, do 29 de abril de 2021.
- Núm. 4/2021, do 18 de xuño de 2021.
- Núm. 5/2021 de 13 de xullo de 2021.

**2. Proposta da Alcaldía sobre o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 4/2021 por importe total de 29.535,74 €.**

**II. PARTE DE CONTROL:**

- 3. Resolucións da alcaldía – pedanía.**
- 4. Rogos e preguntas.**

-----  
Ábrese a sesión polo Sr. Alcalde Pedáneo á hora arriba indicada.



*Entidade Local Menor  
de Bembridge*

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

**1. Actas anteriores:**

**- Núm. 3/2021, do 29 de abril de 2021.**

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

**- Núm. 4/2021 de 18 de xuño de 2021.**

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

**- Núm. 5/2021 de 13 de xullo de 2021.**

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

-----

Polo Alcalde-Pedáneo solicítase a inclusión dun punto na orde do día da proposta sobre a adxudicación do contrato para aproveitamento madeireiro núm. 1/2021 a resultas incendio / temporal / pragas / quenda / claras, no monte de U.P. 563 "San Cibrán, Aradas e outros", expediente núm. 360572000001.

A Secretaria informa que de conformidade ao disposto no artigo 83 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) "serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias sobre asuntos non comprendidos na súa convocatoria, así como os que se adopten en sesións ordinarias sobre materias non incluídas na respectiva orde do día, salvo especial e previa declaración de urxencia feita polo órgano correspondente, co voto favorable da maioría prevista no artigo 47.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril".

O Alcalde-Pedáneo xustifica a urxencia do referido asunto, cuxo contido literal se transcribe de seguido:

*"Despois da subasta celebrada hoxe sobre a adxudicación do contrato para o aproveitamento nº1/2021 resulta necesario a inclusión nun punto da orde do da*



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

*presente sesión ordinaria da xunta veciñal coa finalidade de reducir os prazos, e así evitar a súa aprobación no seguinte pleno.*

*A finalidade de esta inclusión foi que a mesa de contratación estaba convocada para o día de hoxe. Por este motivo este asunto non se pudo incluír na convocatoria coa antelación que esixe a normativa vixente (2 días hábiles).*

*Tendo en conta os prazos que esixe o procedemento e o inicio da iniciación da tala, esta coincidiría co a situación meteorolóxicas adversas coincidindo co a tempada de chuvias.*

*Por todo iso resulta necesario reducir os prazos para o inicio dos traballos e execución do aproveitamento madeireiro”.*

-----  
Non se producen intervencións.

Sométese a votación a inclusión do citado asunto na orde do día, resultando que por cinco votos a favor (Sr. Castro González - Alcalde-Pedáneo - e dos vocais Patricia Otero Carrera, José González Domínguez, Antía González Fernández e Manuel Costas Costas), acórdase a inclusión do asunto na orde do día da presente sesión ordinaria da Xunta Veciñal.

-----  
**Adxudicación de contrato para aproveitamento madeireiro núm. 1/2021 a resultas incendio / temporal / pragas / quenda / claras, no monte de U.P. 563 “San Cibrán, Aradas e outros”, expediente núm. 360572000001, expte 09/2021.**

A continuación dase conta da proposta de Alcaldía-Pedanía de data vinte e nove de Xullo de dous mil vinte e un, co seguinte contido literal:

*“A Alcaldía-Pedanía desta Entidade Local propón adxudicar o contrato de aproveitamento madeireiro 1/2021 de conformidade á seguinte proposta da mesa de contratación do 29 de xullo de 2021:*

*“Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo as 12.00 horas do día 29 de xullo de 2021 reúnese a Mesa de Contratación integrada polos seguintes membros:*

*Presidente. Marcos Castro González, Alcalde Pedáneo.*

*Vogal. D. José González Domínguez, vocal da Xunta Veciñal.*

*Secretaria. Patricia Alvarellos Leis, secretaria da Entidade Local.*

*Asiste ademáis, sen voto, Ezequiel Fernández Cancelas, axente medioambiental da*

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 6/2021, do 29.07.2021



## Entidade Local Menor de Bembrive

Consellería do Medio Rural.

É obxecto da reunión proceder a apertura das ofertas presentadas na enaxenación do aproveitamento madeirable a resultas / incendio / temporal / pragas / quenda / claras, nunha superficie aproximada de 42,80 hectáreas de Pinus Pinaster no Monte U.P. nº 563 San Cibrán, Aradas e outros.

O anuncio de licitación publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 122 do 29.06.2021.

Segundo resulta do informe do encargado do Rexistro desta Entidade de data 27.07.2021, no prazo indicado na Cláusula 9 do Prego presentáronse **cinco** ofertas, realizadas polas empresas que a continuación se detallan:

<b>Data</b>	<b>Nº RE</b>	<b>Empresa</b>	<b>CIF</b>
26.07.2021	193	Explotaciones Forestales Souto Carrillo S.L.	B15738768
26.07.2021	194	Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A.	A36030617

Constituída a Mesa procédese a apertura dos “SOBRES A – DOCUMENTACIÓN” considerando a Mesa que a documentación esixida na Cláusula 11 do Prego atópase completas en todos os casos, excepto nos supostos que a continuación se indican:

<b>Empresa</b>	<b>Doc. pendente de subsanar</b>	<b>Efectos</b>
Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A.	d): (i) *	Subsanable

d) \*: Declaración responsable de (i) non estar incurso nalgúns dos supostos de prohibición de contratar a que se refire o artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público;

O representante da empresa “Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A.” solicita que se rexeite a oferta da empresa “Explotaciones Forestales Souto Carrillo, S.A.” por non incluír entre a documentación administrativa o xustificante de pago da taxa á Consellería de Medio Rural.

A secretaria da mesa responde que este xustificante non é necesario presentalo no SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, xa que a teor do establecido nos Pregos, o adxudicatario dispón dun prazo de 20 días naturais dende a súa comunicación da adxudicación definitiva para presentar, entre outros, o xustificante do pago da taxa. A maior abundamento, este xustificante non se encontra entre os esixidos no punto 11 do prego de cláusulas administrativas.

O representante da empresa “Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A.” insiste



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

*en que se rexeite a oferta e a Secretaría conclúe que non procede o rexeitamento.*

*Tamén pregunta sobre os medios para constituir a fianza provisional, a Secretaria responde que é válido calquera medio admitido en dereito.*

*A vista da documentación presentada, a Mesa, por unanimidade, acorda conceder á empresa “Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A.”, con CIF: A36030617, un prazo de tres días dende a notificación para a subsanación da documentación.*

*De non cumprir no prazo indicado as obrigas sinaladas o Alcalde Pedáneo acordará a incautación da fianza provisional e a Mesa proporá adxudicar provisionalmente a enaxenación o licitador que houbera presentado a seguinte oferta mais ventaxosa.*

*De seguido, en sesión pública, procédese a apertura dos “SOBRES B – OFERTA ECONÓMICA” no que constan as seguintes proposicións:*

**1º.-** *“D JOSÉ LUIS SOUTO ESPÍÑEIRA, con domicilio en Lugar A Carballeira – Aiazo sn, municipio de FRADES, provincia de A CORUÑA, e DNI nº 76.337.700X en representación da mercantil EXPLOTACIONES FORESTALES SOUTO CARRILLO S.L., con C.I.F. B15.738.768 (según acredito mediante copia de escritura de poder que adxunto).*

*Que conforme o anuncio publicado no BOP de Pontevedra de data 29.06.2021 teño coñecemento da poxa pública para a enaxenación do aproveitamento madeirable a risco e ventura incendio / temporal / pragas / quenda / claras, nunha superficie de 42,80 hectáreas, de Pinus Pinaster e Eucalyptus Globulus no Monte U.P. San Cibrán, Aradas e outros nº 563 da Entidade Local Menor de Bembrive, con autorización 360572000001 da Xefatura do Servizo de Montes da Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.*

*Que mediante o presente escrito oferto un prezo por tonelada de # 18,81€/tm # DEZAOITO CON OITENTA E UN para o Pinus pinaster, sen IVE engadido, polo que, sen prexuízo da liquidación final, sendo 718 as toneladas previstas, oferto un prezo de adxudicación de # 13.505,58 # TRECE MIL QUINIENTOSCINCO CON CIGUENTA E OITO, sen IVE engadido.*

*Que acepto incondicionalmente os dereitos e obrigas que se derivan do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas e Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexen a contratación”.*

**2º.-** *“D. JESÚS BAQUERO MOREIRA con domicilio en Rúa Benito Corbal, nº 16. Concello de Pontevedra. Provincia: Pontevedra. Código Postal:36001 y con D.N.I. nº 35210395-V en representación da mercantil Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A. según acredito mediante copia de escritura de poder que adxunto.*



## Entidade Local Menor de Bembrive

Que conforme o anuncio publicado no BOP de Pontevedra de data 2 de xuño de 2021 teño coñecemento da poxa pública para a enaxenación do aproveitamento maderable a risco e ventura incendio / temporal / pragas / quenda / claras, nunha superficie de 42,80 hectáreas, de Pinus Pinaster no Monte U.P. San Cibrán, Aradas e outros nº 563 da Entidade Local Menor de Bembrive, con autorización 360572000001 da Xefatura do Servizo de Montes da Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Que mediante o presente escrito oferto un prezo por tonelada de \_\_\_\_\_ € para o Pinus Pinaster, sen IVE engadido, polo que, sen prexuízo da liquidación final, sendo 718,7m as toneladas previstas oferto un prezo de adxudicación de # 15.786 # €, sen IVE engadido.

Que acepto incondicionalmente os dereitos e obrigas que se derivan do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas e Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexen a contratación”.

Polo tanto, as ofertas, clasificadas de maior a menor prezo, son as seguintes:

Orde	Data RE	Nº. RE	Empresa	Oferta económica*
1º	26.07.21	194	Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A.	15.786,00
2º	26.07.21	193	Explotaciones Forestales Souto-Carrillo, S.L.	13.505,58

\*en €, IVE excluído

A Mesa de Contratación, verifica que a oferta económica máis vantaxosa que supera o prezo base de licitación é a presentada pola empresa “Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A”, con CIF: A36030617, por unanimidade, propón á Xunta Veciñal, no caso de que subsane a documentación no prazo de tres días hábiles contados dende a data de notificación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Adxudicar provisionalmente á empresa “Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A” a enaxenación do aproveitamento madeirable a resultados / incendio / temporal / pragas / quenda / claras, nunha superficie de 42,80 hectáreas de Pinus Pinaster e Eucaliptus Globulus no Monte U.P. nº 563 San Cibrán, Aradas e outros polo prezo ofertado de 15.786 euros máis o IVE correspondente.

Segundo: Notificar o adxudicatario a mercantil adxudicataria o presente acordo o efecto de que no prazo dos sete días seguintes o da súa recepción presente documentación suficiente que acredite atoparse ao corrente coas obrigacións tributarias e de Seguridade Social, así como xustificante de ter depositada a fianza definitiva provisional do contrato.

Terceiro: Facultar o Alcalde Pedáneo para acordar a adxudicación definitiva unha



## Entidade Local Menor de Bembrive

vez sexa acreditado no expediente o cumprimento das obrigas sinaladas no apartado anterior.

No suposto de que o adxudicatario que presentou a oferta económicamente máis vantaxosa **non subsane a presentación da documentación no prazo establecido ao efecto**, o Alcalde-Pedáneo acordará a incautación da fianza provisional e a Mesa propondrá adxudicar provisionalmente a enaxenación o licitador que presentou a seguinte oferta máis vantaxosa.

Quedan unidas ao expediente toda as proposicións presentadas.

O Presidente da por rematada a reunión as 12,13 horas. E para constancia do tratado redacto a acta que eu, a secretaria, someto á sinatura do Presidente e Vocal. Dou fe.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente”.

-----

Non se producen intervencións.

Sométese o asunto a votación, resultando que por cinco votos a favor (Sr. Castro González - Alcalde-Pedáneo - e dos vocais Patricia Otero Carrera, José González Domínguez, Antía González Fernández e Manuel Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

### **2. Proposta da Alcaldía sobre o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 4/2021 por importe total de 29.535,74 €.**

Dase conta do informe-proposta do Sr. Alcalde-Pedáneo de 26.07.2021 co seguinte contido:

*“En relación co expediente de aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos número 4/2021, emito a seguinte proposta, con base aos seguintes,*

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.** - Examinada a relación de xustificantes de gasto núm. 2021 13 (catro facturas emitidas por “MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO”, con CIF: V-36840726) que se recolle no listado que se adxunta, comprobouse que corresponde a servizos realizados correctamente ao longo do ano 2020 polo que procedería o recoñecemento da obrigaón económica dela derivada, así como o seu posterior



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

*pagamento en cumprimento do principio do non enriquecemento inxusto, tal e como se indica na memoria emitida polo Alcalde-Pedáneo con data 22 de Xullo de 2021.*

*Non foi posible aprobar as anteditas facturas nin imputalas ao orzamento do ano no que se executou o gasto por presentarse no rexistro neste ano 2021 e por carecer de consignación orzamentaria.*

*Posto que se trata de contratos de servizos que corresponden a un exercicio anterior, consonte a normativa reguladora da facenda local o mecanismo axeitado para a súa aprobación e pagamento é a inclusión nun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por conta das aplicacións orzamentarias do ano 2021.*

*SEGUNDO. - Que con data 23 de Xullo de 2021 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora, que obra no expediente.*

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- *Artigos 163, 169.3, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *Artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*

*Por isto, visto o informe da secretaria-interventora incorporado no expediente, dispoño que pase o presente expediente para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:*

### **PROPOSTA DE ACORDO**

*PRIMEIRO. - Tomar conta das observacións feitas pola secretaria-interventora no seu informe de data 23 de xullo de 2021, que consta incorporado ao expediente, e levantar o reparo suspensivo correspondente, motivado por carecer de consignación presupostaria e por prescindir total e absolutamente do procedemento que esixe a LCSP 9/2017, para a tramitación administrativa que excede dos importes e requisitos do contrato menor para garantir os requisitos de publicidade e os relativos ao procedemento de adxudicación que corresponda.*

*SEGUNDO. – Esta Alcaldía proponlle á Xunta Veciñal que adopte, se procede, o seguinte ACORDO:*





*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

*Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 4/2021 a efectuar ao abeiro do artigo 60.2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, para o abono de catro facturas que se integran na relación de xustificantes de gasto núm. 2021 13 e que se detallan a continuación, emitidas pola “MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO”, con CIF: V-36840726:*

<i>Facturas tramitadas no expediente de REC núm. 4/2021</i>			
<i>Núm. factura</i>	<i>Núm. Xustificante Gasto</i>	<i>Data factura</i>	<i>Importe* (€)</i>
<i>A01/20</i>	<i>2021 66000090</i>	<i>08.01.2020</i>	<i>538,65</i>
<i>A13/21</i>	<i>2021 66000115</i>	<i>05.05.2021</i>	<i>16.639,28</i>
<i>A15/20</i>	<i>2021 66000093</i>	<i>13.10.2020</i>	<i>11.088,00</i>
<i>A16/20</i>	<i>2021 66000089</i>	<i>13.10.2020</i>	<i>1.269,81</i>
<i>Total</i>			<i>29.535,74</i>

*\*IVE incluído*

*TERCEIRO. - Aplicar, con cargo ao orzamento do exercicio 2021, os correspondentes créditos con cargo á aplicación presupostaria 171.210.*

*Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente”.*

.....

Conclusións do Informe da Secretaria Interventora do 23.07.2021, no que se interpón reparo suspensivo:

Primeira. – As prestacións amparadas nas facturas incluídas no presente expediente foron obxecto dunha contratación irregular, na medida en que foron adquiridas sen control previo por parte da Intervención desta Entidade e, polo tanto, sen contar con crédito orzamentario no momento de realizar o encargo da prestación correspondente e con unha ausencia total do procedemento, o que supón, conforme ao disposto na normativa sobre contratación, a nulidade absoluta ou de pleno dereito da relación comercial entre a Entidade Local Menor de Bembrive e as persoas ou entidades prestadoras dos servizos de referencia, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen derivarse das citadas actuacións.

Como consecuencia de todo o anterior, procede fiscalizar desfavorablemente e formular reparo suspensivo aos gastos incluídos na relación de facturas 2021/013 para o recoñecemento extraxudicial núm. 4/2021, conforme ao disposto nos artigos 216.2 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, por insuficiencia de crédito e omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais, que dan lugar a nulidade do acto administrativo, en virtude do artigo 39, apartados 1 e 2, da LCSP que remite ao art. 47 da Lei 39/2015 (LPACAP), por carecer de crédito orzamentario e prescindir total e absolutamente do procedemento



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

legalmente establecido, como consecuencia de non haber tramitado o correspondente procedemento previsto na Lei 9/2017 que se esixe para a tramitación administrativa que exceda dos importes e requisitos do contrato menor para garantir os requisitos de publicidade e os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

O citado reparo ten carácter suspensivo e deberá ser resolto pola Xunta Veciñal da ELM de Bembrive con carácter previo a aprobación das citadas facturas, de acordo co art. 217 do TRLRFL.

Segunda. - En virtude do principio xeral do dereito según o cal ninguén pode enriquecerse en detrimento de outro, nace unha obrigaón ex lege, e a Administración ha de restituir o enriquecemento. Por tanto, o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos previsto no artigo 60.2 do RD 500/1990, que ven a dar resposta á situación administrativa que nos ocupa, preséntase como un instrumento de gasto para facer efectiva a liquidación prevista no apartado 1 do artigo 42 da LCSP, que trae causa da resolución dun expediente de revisión de oficio e a súa finalidade é evitar o enriquecemento inxusto da Administración, sen prexuízo, no seu caso, da esixencia de responsabilidades.

A existencia do procedemento administrativo, neste caso de contratación e de execución orzamentaria, é una garantía de trato de igualdade aos provedores, e de eficiencia e transparencia na xestión pública do gasto, ademáis dunha obriga legal.

Terceira. - Toda vez que o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito supón imputar ao orzamento corrente gastos realizados sen contar coa consignación orzamentaria correspondente, a súa utilización debe aplicarse con carácter excepcional, correspondendo a competencia para a adopción do acordo á Xunta Veciñal da ELM de Bembrive.

Cuarta. - No expediente constan as facturas correspondentes, memoria do Alcalde-Pedáneo no que se expón brevemente as causas que impediron a tramitación das facturas conforme aos procedementos previstos na normativa de contratación, así como as dilixencias das mesmas incorporadas nas facturas que conforman o expediente na que expresa a conformidade cos servizos realizados que se describen nos respectivos documentos, en canto a calidade, cantidade e prezo.

Quinta. - Tendo en conta a situación descrita deben seguir adoitándose as medidas de xestión económica e orzamentarias precisas para evitar que se repita a circunstancia de ter facturas pendentes de aplicar, correspondentes a exercicios pechados para ser aprobadas no vindeiro ano. Así mesmo, deberán establecerse mecanismos de control do gasto no exercicio 2021 que garantan que este se execute previa comprobación da existencia de crédito axeitado e suficiente e da correcta realización das previsións de ingresos, xa que un dos principios esenciais da xestión do gasto público é o da preceptiva existencia de crédito con



## *Entidade Local Menor de Bembridge*

anterioridade á súa realización. As obrigacións da facenda local nacen aínda que non exista dotación orzamentaria agora ben, para que sexan esixibles e se proceda ao seu pago, en condicións normais, debe existir a correspondente consignación orzamentaria.

Neste mesmo orde de ideas e tendo en conta actual coxuntura socio-económica é preciso advertir que a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 7.2 dispón que a xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin aplicaranse políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

Sexta. - Según os datos contidos na base de datos de contabilidade da Entidade, na actualidade existen por diversos motivos alleos a esta Intervención un elevado número de facturas de exercicios anteriores que se atopan pendentes de conformidade, tramitación, aprobación e posterior pago, e outras pagadas pendentes de aplicación ao orzamento.

Esta forma de actuar supón unha vulneración sistemática do disposto no artigo 187 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL que establece a orde de prelación de pagos, de tal forma que á hora de realizar a expedición das ordes de pago, terán prioridade as obrigas contraídas nos exercicios anteriores que se atopan pendentes de pago e as que entraron con anterioridade no Rexistro desta Entidade, así como da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, que recollen a necesidade de tramitar os expedientes por riguroso orde cronolóxico de incoación dos mesmos, determinada, cando se trata de expedientes administrativos de gasto, pola data de presentación da factura no rexistro correspondente.

Sétima. - No orzamento vixente existe crédito adecuado e suficiente ao nivel de vinculación xurídica dos créditos establecido na Base 6ª de Execución dos orzamentos da Entidade Local Menor (área de gasto/capítulo) para facer fronte ás obrigas económicas derivadas das actuacións que motivan o presente expediente, sen prexuízo das repercusións orzamentarias que poden resultar desta imputación.

Oitava. - Unha vez sexa, de ser o caso, adoptado o acordo polo órgano competente, remitirase á Intervención, procedéndose nese momento a efectuar a toma de razón deste.

Novena. - O presente informe constará e formará parte do informe que sobre a liquidación do orzamento do presente exercicio debe emitir a Intervención en aplicación do artigo 191.3 do TRLRFL e incorporárase, adicionalmente, ao expediente que sobre a Conta Xeral debe formar e redactar esta Intervención en aplicación do artigo 212.2 da normativa anteriormente citada.



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

.....

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos cinco membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

## II. PARTE DE CONTROL:

### 3. Resolucions da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucions adoptadas pola mesma dende a convocatoria da sesión do 29.04.2021 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. e Sras. vogais dende a convocatoria desta sesión:

- 040 30/04/2021      Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en marzo 2021**, por impte. bruto total de **1.350 €**.
- 041 30/04/2021      Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** dos traballadores desta Entidade correspondentes ao mes de **abril, por 5.174,25 €** (importe neto).
- 042 30/04/2021      Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** dos membros da **Xunta Veciñal** desta Entidade **con dedicación** correspondentes ao mes de **abril, por 2.363,03 €** (impte. neto).
- 043 30/04/2021      **Outorgamento ao Clube Deportivo Mosteiro Bembrive F.S. de subvención directa de 9.000 € para gastos en desprazamentos e viaxes por participar no campionato da 2ª División nacional feminina tempada 2020-21.**
- 044 03/05/2021      **Recoñecemento da obriga do gasto** con cargo á correspondente aplicación para seu pago, en concepto de **anuncio no BOP da subasta de madeira nº 1/2020, por impte. bruto de 49,60 €.**



*Entidade Local Menor  
de Bembridge*

- 045 04/05/2021 Aprobación xustificante, recoñecemento da obriga do gasto e **orde de pago ao Concello de Vigo por recibo do IVTM 2021 matrícula 2588JYY, por impte. de 160,15 €.**
- 046 04/05/2021 Recoñecemento de obriga do gasto e **orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en abril 2021, por impte. bruto total de 1.350 €.**
- 047 04/05/2021 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 11 xustificantes de gasto, nº 04/2021, expte. REC 2/2021 (subministros e servizos), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, por impte. bruto de 1.654,92 €.**
- 048 06/05/2021 **Adxudicación de contrato menor** de obras en “**Subministro e montaxe de reixas en Cmño. Área do Lecer 2 e na Rúa Xestoso 14**” a **Isidro Caride Pascual, por importe total de 635,25 €.**
- 049 07/05/2021 **Aprobar relación de 4 xustificantes de gasto, nº 09/2021, (subministros e servizos), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, por impte. bruto de 3.032,67 €.**
- 050 12/05/2021 **Inscripción da Asociación “Romaría da Parrocha” no Rexistro de Asociacións Veciñais da ELM de Bembridge, co núm. 21/2021.**
- 051 12/05/2021 **Aprobar xustificación, recoñecemento da obriga e orde de pago da subvención outorgada ao C. D. Mosteiro Bembridge F.S. por impte. de 9.000 € para gastos en desprazamentos e viaxes do campionato da 2ª División nacional feminina tempada 2020-21.**
- 052 14/05/2021 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 15 xustificantes de gasto, nº 10/2021 (subministros e servizos), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, por impte. bruto de 4.073,18 €.**
- 053 14/05/2021 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 15 xustificantes de gasto, nº 11/2021 (subministros e servizos), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, por impte. bruto de 2.393,22 €.**



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

- 054 19/05/2021 **Autorización para realizar actividade deportiva de ciclismo “Hydra Extreme Trail” o 26 e 27 de xuño 2021 no Monte de U.P. 563.**
- 055 24/05/2021 **Informar favorablemente a comisión de servizos de Sonia Dapena Lois para o posto de interventora do Concello de Mos.**
- 056 01/06/2021 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** dos traballadores desta Entidade correspondentes ao mes de **maio, por 5.141,06 €** (importe neto).
- 057 01/06/2021 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** dos membros da **Xunta Veciñal** desta Entidade **con dedicación** correspondentes ao mes de **maio, por 2.363,03 €** (impte. neto).
- 058 07/06/2021 Aprobación xustificantes, recoñecemento da obriga do gasto e **orde de pago ao Concello de Vigo por 5 recibos do IVTM 2021** de 5 vehículos, **por impte. de 532,85 €.**
- 059 07/06/2021 **Designación do vocal Jose González**, para que xunto co alcalde pedáneo e a secretaria **como membros da mesa de contratación do expte. de subasta de aproveitamento madeirable núm. 1/2020** (expte. 360572000002).
- 060 07/06/2021 **Convocatoria da mesa de contratación para apertura de ofertas da subasta de aproveitamento madeirable núm. 1/2020** (expte. 360572000002) para o 10 de xuño.
- 061 08/06/2021 **Iniciar expediente 9/2021, de contratación de aproveitamento madeirable** (expte. 360572000001).
- 062 15/06/2021 **Convocatoria de sesión extraordinaria da Xunta Veciñal para o 18.06.2021** (3 asuntos).
- 063 18/06/2021 **Adxudicación de contrato menor de servizo de “Roza e limpeza en viais públicos de Bembrive” a Xardíns do Breogán, S. Coop., por importe total de 17.545,00 €** (expte. 23/21).
- 064 18/06/2021 **Adxudicación de contratos menores de subministros para “acto do 75º aniversario da ELM de Bembrive” a Carlos San Claudio e Lino Cao, por importe total de 3.599,75 €.**
- 065 18/06/2021 **Adxudicación de contratos menores de servizos para “acto do 75º aniversario da ELM Bembrive” a SCDR Helios, Nuria**



*Entidade Local Menor  
de Bembridge*

**Balboa, Asoc. Cencerro Neiro, e Ateneo Musical de Bembridge, por impte. total de 10.995 €.**

- 066 21/06/2021 **Aprobación de prego de cláusulas económico- admvas. reguladoras da adxudicación do aproveitamento madeirable en 42,8 Ha. no MUP 563, expte. 9/2021 (expte. 360572000001).**
- 067 21/06/2021 **Orde de pago por sentenza 231/2020 do Xulgado C-Admvo. 2 de Vigo no P.O. 241/2019, promovido por Acelec, S.L., condenando ao pago de 9.678,65 € en concepto de xuros de mora.**
- 068 21/06/2021 **Recoñecemento da obriga do gasto con cargo á correspondente aplicación para seu pago, en concepto de anuncio no BOP da subasta de madeira 1/2021, expte. 9/2021, por impte. bruto de 46,50 €.**
- 069 22/06/2021 **Devolución de ingresos indebidos por inscrición no Campamento de verán 2019, por impte. bruto de 25,00 €.**
- 070 23/06/2021 **Recoñecemento de obriga do gasto e orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en xuño 2021, por impte. bruto total de 1.350 €.**
- 071 30/06/2021 **Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas dos traballadores desta Entidade correspondentes ao mes de xuño, por 5.141,06 € (importe neto).**
- 072 30/06/2021 **Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas dos membros da Xunta Veciñal desta Entidade con dedicación correspondentes ao mes de xuño, por 2.363,03 € (impte. neto).**
- 073 30/06/2021 **Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas de pagas extra. dos traballadores e corporativos con dedicación desta Entidade correspondentes a xullo 2021, por 5.147,72 e 2.569,81 € (importes netos).**
- 074 30/06/2021 **Orde de pago a favor da T.X. da Seguridade Social por exptes. de dedución de débedas, relativas á cotización de atrasos do ano 2020, por impte. total de 885,73 €.**
- 075 30/06/2021 **Orde de pago de xuros de mora por auto de homologación de acordo 80/20 de 02/12/20 do Xulgado C-A 1 de Vigo no P.O. 270/2019, promovido por Construcciones Fечи, por impte. de**



*Entidade Local Menor  
de Bembridge*

**6.043,05 €** (que condenou ao pago de **551.729,24 €** en concepto de principal (75% do impte. total).

- 076 02/07/2021 **Orde de pago por sentenza do TSXG** ditada no recurso de apelación 7203/20 derivado do **P.O. 256/2019** do C-A 2 de Vigo, promovido por **Construcciones M. Pérez Portela, S.L.**, condenando a pagar **297.966,23 €**.
- 077 07/07/2021 Aprobación **expte. de modificación orzamentaria 2/2021**, por transferencia de crédito, incrementando a aplicación 153.624, **por impte. de 29.100,50 €**.
- 078 08/07/2021 **Convocatoria de sesión extraordinaria da Xunta Veciñal para o 13.07.2021** (3 asuntos). 079 08/07/2021 Aprobación provisional da proposta da Comisión do Fondo de Acción Social con referencia ao ano 2020.
- 080 22/07/2021 **Adxudicación de contrato menor de obras de “Reparación no Camiño da Suaxeira núm. 2” a Alberto Fernández Gómez, e aprobación do gasto para elo, por importe total de 1.488,30 €**.
- 081 06/05/2021 **Autorización de adosado de construción auxiliar (garaxe) a parcela do Parque infantil de Monte Calvario.**
- 082 26/07/2021 Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 29.07.2021 (4 asuntos).

#### 4. Rogos e preguntas.

Non se formulan.

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20.40 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcalde Pedáneo,

Asdo. Marcos Castro González



A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis